



INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO

Expediente núm.:	Departamento:
342/2022	Intervención

ASUNTO: ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2022

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

A tenor do disposto no artigo 168.1.e) do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais (R.D.L. 2/2004), e no artigo 18.1.e) do R.D. 500/1990 de 20 de Abril , emítese, para que xunto co Orzamento Xeral da Entidade do ano 2022, sexa elevado ó Pleno, o seguinte

INFORME ECONÓMICO – FINANCEIRO

Este ten por obxecto expoñer:

- I) BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACIÓN DOS INGRESOS, realizando neste punto un estudio pormenorizado dos importes que figuran nas Previsións Iniciais do Estado de Ingresos do Orzamento, co obxecto de poñer de manifesto as posibles desviacións que puideran darse entre as cantidades consignadas e os dereitos que realmente se esperan recoñecer ó longo deste exercicio.
- II) BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACIÓN DAS OPERACIÓNS DE CRÉDITO PREVISTAS, con expresión do seu importe, o detalle das características e condicións financeiras de toda orde en que se prevén concertar, con especial referencia á carga financeira que pesa sobre a entidade, antes e despois da súa formalización.
- III) SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDER Ó CUMPLIMENTO DAS OBRIGAS ESIXIBLES E OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS.
- IV) EFECTIVA NIVELACIÓN DO ORZAMENTO.

I) BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACIÓN DOS INGRESOS

Farase, neste punto, un estudio dos importes consignados en cada un dos capítulos do Estado de Ingresos:

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





A) IMPOSTOS DIRECTOS.-

A.1. Imposto sobre bens inmobles.-

A estimación das previsións iniciais do Imposto de Bens Inmobles de Natureza Rústica conta cunha dotación inicial igual á prevista para 2021 por este concepto, para o que se tomou como referencia o padrón do indicado tributo así como os dereitos recoñecidos netos do exercicio 2021.

Incrementábase a previsión do Imposto de Bens Inmobles de Natureza Urbana, en función do padrón, da regularización catastral e, dos ingresos liquidados nos últimos exercicios ao igual que as exencións aos centros sanitarios de titularidade pública, as bonificacións establecidas para as familias numerosas e para usos agrícolas.

O concepto 114.00 recolle o Imposto sobre Bens Inmobles de características especiais, que mantén dotación prevista para 2021, en función do padrón do imposto.

A.2. Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Mantéñense as previsións de ingresos por este concepto. Tomouse como base o padrón deste imposto ao que hai que engadir as altas do exercicio 2022 como consecuencia de novas matriculacións; a todo elo hai que restar as baixas que se produciron nos suxeitos pasivos incluídos no padrón do ano pasado, que foron declarados exentos por minusvalía, así como as bonificacións aprobadas por acordo plenario do 18 de decembro de 2014 (100 por cento vehículos históricos e de antigüidade igual ou superior a 25 anos e do 50 por cento para vehículos eléctricos, de biodiesel ou movidos por hidróxeno). Non se produciron actualización de tarifas neste concepto.

A.3. Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Mantense a previsión, tendo en conta a evolución das liquidacións por este concepto dos últimos exercicios, nela inclúese unha estimación de ingresos en voluntaria e en executiva, como consecuencia da existencia de cantidades pendentes de exercicios anteriores. Non se estima unha variación substancial polo cambio normativo que obriga á modificación da ordenanza.

A.4. Imposto de actividades económicas.

Neste concepto, recolléronse tanto as cotas municipais como as cotas provinciais e nacionais; así mesmo, inclúese a estimación de ingresos de cotas nacionais procedentes de telefonía móbil e transporte.

Respecto das cotas municipais, efectuouse unha estimación sobre a base das entregas a conta que xa se veñen efectuando, así como unha previsión de ingresos en concepto de liquidación de voluntaria 2022 e recadación executiva.

As cotas provinciais e nacionais, estimáronse sobre a base das últimas entregas efectuadas.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 67FGDDJANZWF5LIM6Y4DZEG15Z | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 14



B) IMPOSTOS INDIRECTOS.

B.1. Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Axústase a previsión de ingresos en función dos expedientes que se veñen tramitando no departamento de urbanismo e a evolución dos mesmos. Estímase un incremento tanto de obras menores como de proxectos urbanísticos que xa se atopan na fase final de tramitación.

C) TAXAS E PRECIOS PÚBLICOS.

Neste apartado minórase en termos globais a previsión.

Mantense a previsión en varios conceptos recadados polo O.R.A.L. como ás taxas de auga, sumidoiros e recollida de lixo tomando como base os padróns aprobados e a evolución dos últimos exercicios liquidados. Por igual motivo mantéñense as previsións por intereses de demora e outros ingresos.

A gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos supón unha redución nas cotas a ingresar por este concepto, e polo tanto unha minoración nas previsións de ingresos deste prezo público, que se verá compensado cunha maior aportación da Consellería de Política Social a través do plan concertado.

O incremento na previsión da taxa por axuda no fogar, en concordancia co gasto, débese á estimación de novas altas e dun incremento do número de horas aos usuarios deste servizo.

Auméntase a previsión por licenzas urbanísticas en consonancia co incremento do I.C.I.O. e mantéñense os demais conceptos deste capítulo.

C.1. Taxas por abastecemento de auga, sumidoiros e recollida de lixo.

Mantéñense as previsións de ingreso por estes conceptos, en función da evolución da recadación dos últimos exercicios liquidados e dos padróns correspondentes.

C.2. Taxas por prestación de servizos no conservatorio de música.

Mantense a previsión en función das taxas por matrículas ingresadas.

C.3. Taxa por apertura de establecementos.

Mantense a previsión dos dereitos recoñecidos por este concepto.

C.4. Taxa por licenza urbanística.

Incrementábase en previsión do incremento do I.C.I.O.

C.5. Participación por ingresos de telefónica.

Mantense a previsión da compensación a aboar pola telefonía fixa pola intensidade da ocupación do dominio público municipal, en función dos dereitos recoñecidos.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 67FGDDYANZWF5L16Y4DZEGT5Z | Corrección: https://aeestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 14



C.6. Multas e sancións.

Mantense a previsión por este concepto en función dos dereitos recoñecidos.

C.7. Taxa por aproveitamentos especiais de empresas.

Mantense a previsión en función das liquidacións practicadas no 2021 e os expedientes pendentes de liquidar pola taxa por utilización privativa ou de aproveitamento que realizan empresas no solo, subsolo e voo do dominio público municipal.

C.8. Taxa por servizos en matadoiros, lonxas e mercados.

Mantense a previsión con respecto a 2021, tralo incremento dos anos anteriores dada a posta en funcionamento do novo mercado. As obras de rehabilitación realizadas na Praza de Abastos, así como no seu entorno, favoreceron a dinamización do Novo Mercado, incrementándose o número de novos postos, así como de actividades a realizar nas novas instalacións.

C.9. Taxa por prestación do servizo de axuda no fogar.

En función da evolución das liquidacións practicadas no exercicio 2021 e en concordancia co gasto, tendo en conta a previsión de novas altas se vaian producindo.

C.10. Taxa por expedición de documentos.

Toman como base a cifra de dereitos recoñecidos netos no exercicio 2021.

C.11. Taxa por prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, auxilios e salvamentos de persoas e bens e outros análogos a cargo do serv. municipal de Protección Civil.

Mantense a previsión en función do dereitos recoñecidos por este concepto.

C.12. Prezo público pola prestación do servizo de gardería infantil.

Minórase a previsión nos dereitos recoñecidos por este concepto, como consecuencia da aplicación na escola infantil municipal, da gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos.

C.13. Prezo público por "Actividades sociais, deportivas, xuvenís e outras".

Estímase aumentar a participación nestas actividades, se ben mantense a previsión de recadación, debido á situación sanitaria na que nos atopamos.

C.14. Recargos, intereses de demora e outros.

Mantense a previsión nos intereses de demora e outros ingresos e mantense a de recargos en función da evolución da recadación dos últimos anos.

D) TRANSFERENCIAS CORRENTES.

Concello da Estrada

Praza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 67FGDDJANZWF5L16Y4DZEGT5Z | Corrección: https://aesstrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 14



Recóllese no capítulo IV do Estado de ingresos aquelas aportacións de distintas procedencias percibidas sen contraprestación, con destino á financiación de gastos correntes.

D.1. Participación municipal nos tributos do estado.

Incrementátese a previsión na participación nos tributos do Estado, en función dos datos obtidos do Ministerio de Facenda e Función Pública.

D.2. Transferencias correntes da comunidade autónoma, da Deputación provincial e outras entidades.

Trátase, na maior parte, de ingresos afectados ás finalidades que se determinan nas Resolucións de concesión das subvencións, e a súa estimación realizouse consignando aquelas aportacións que se veñen percibindo polo Concello de forma permanente.

Incrementátese a previsión de ingresos por subvencións da Consellería de Política Social, como consecuencia basicamente dun aumento no número de horas que se prevé prestar no servizo de axuda no fogar para a atención a usuarios que figuran na lista de reserva e dar cobertura igualmente a novas altas que se poidan producir. Estímase igualmente que esta Consellería compense a menor recadación na Gardería Municipal pola gratuidade deste servizo.

Mantense a aportación da Consellería de Presidencia e da Deputación Provincial e incrementátese a previsión de Medio Rural para o financiamento dos gastos relativos ao GES, en función dos ingresos efectivamente realizados nos exercicios anteriores.

Ao igual que nos exercicios precedentes, inclúese como previsión a achega da Consellería do Medio Rural para as brigadas de incendios e motobomba, en función do convenio correspondente.

Prevese a aportación da Consellería de Sanidade ao servizo de prevención de drogodependencias, en función a última subvención concedida, actualmente en vigor.

Inclúense como novidade as aportacións das Consellerías de Emprego e Igualdade para a contratación do axente de emprego e plan concilia e de Política Social para atención temperá, ao tratarse de servizos consolidados ao longo dos últimos exercicios e que se veñen subvencionando regularmente polas indicadas Consellerías.

D.3 Fondo de Cooperación Local.-

Incrementátese a previsión en base aos datos sobre prestación básica e fondos adicionais liquidados en anos anteriores.

D.4 Fundación Pública Urgencias Sanitarias.-

Mantense a estimación dos dereitos recoñecidos por este concepto.

E) INGRESOS PATRIMONIAIS.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 67FGDDYANZWF5LIM6Y4DZEGT5Z | Corrección: https://aeestrada.secelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 14



No relativo a intereses de depósitos, inclúense como previsión os intereses das contas operativas.

Teñense en conta igualmente os canóns e concesións administrativas.

F) ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS REAIS.

Non se prevé obter ingresos por este concepto debido a que non se teñen iniciado expedientes ao respecto.

G) TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.

Non se recollen como previsións, os ingresos procedentes da Deputación Provincial, da Xunta de Galicia e do FEDER, xa que optouse por xerar crédito cas aportacións das distintas administracións, co obxecto de axilizar a tramitación dos expedientes de contratación e a execución dos investimentos correspondentes.

II) BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACIÓN DAS OPERACIÓNS DE CRÉDITO PREVISTAS

A) Operacións de crédito a corto prazo

As Entidades Locais poderán concertar operacións de crédito a corto prazo ou operacións de Tesourería para cubrir déficits temporais de liquidez derivados de diferenzas de vencemento entre ingresos e pagos.

Son asimilables a estas operacións, e polo tanto, teñen o mesmo tratamento e límites, as pólizas de crédito, ou a emisión de pagarés, abonarés, etc. como instrumento de pago (e, ó mesmo tempo, como medio de obtención de crédito, o que xustifica idéntico tratamento que as operacións de Tesourería).

As operacións de Tesourería teñen un tratamento extra orzamentario, o que implica que tanto a súa formalización como a súa cancelación non teñan o seu reflexo no orzamento, excepto as consignacións necesarias para o abono dos xuros xerados polo importe das disposicións (aplicación 930.359.00).

Non obstante, é conveniente facer referencia, neste apartado, á situación da Entidade nesta materia, a efectos de determinar:

- Límites, conforme ós requisitos legais que regulan a materia (art. 51 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.)

-Órganos competentes para a concertación de novas operacións (arts. 21, 22 e 47 Lei 7/85.)

Límite das operacións de Tesourería.

De acordo có disposto no artigo 51 TRLRFL, o importe das operacións de Tesourería non poderán exceder no seu conxunto do 30 % dos ingresos liquidados por operacións correntes no exercicio anterior, salvo que a operación se realice no primeiro semestre do ano sen que se practicase a liquidación do orzamento de ese exercicio inmediatamente anterior.

DEREITOS RECOÑECIDOS POR OPERACIÓNS CORRENTES NO EXERCICIO 2020	14.007.428,98
---	---------------

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 67FGDDJANZWF5L16Y4DZEG15Z | Corrección: https://aeestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 14



PORCENTAXE APLICABLE	30,00%
LÍMITE PARA A CONCERTACIÓN DE OPERACIÓN DE TESOURERÍA	4.202.228,69

O importe total das operacións de Tesourería vixentes é de 0 euros.

Polo tanto, polo que a este *ratio* se refire, é posible a concertación de operacións de Tesourería polo límite máximo indicado.

Órgano competente para a aprobación de operacións de Tesourería.

A tenor do disposto no artigo 52.2 TRLRFL, a concertación de operacións de crédito a curto prazo corresponderalle ó Presidente da Corporación cando o importe acumulado das operacións vivas desta natureza, incluída a nova operación, non supere o 15 % dos recursos correntes liquidados no exercicio anterior.

DEREITOS RECOÑECIDOS POR OPERACIÓN CORRENTES NO EXERCICIO 2020	14.007.428,98
PORCENTAXE APLICABLE	15,00%
LÍMITE Á CONCERTACIÓN DESTE TIPO DE OPERACIÓN	2.101.114,35

O límite das operacións de Tesourería a concertar polo Alcalde non poderá exceder de 2.101.114,35 euros. Por enriba desta cantidade (cuantificada de forma acumulada), e ata o límite o 30% sinalado no apartado anterior, será preciso acudir para a aprobación da nova operación ó Pleno da Corporación.

B) Operacións de crédito a medio e longo prazo

No exercicio 2021, prevese concertar unha operación de crédito por importe de 4.500,00 euros.

De concertarse algunha operación non prevista non orzamento (por exemplo, para o financiamento dun crédito extraordinario), esta estaría sometida ós límites sinalados no artigo 53 da L.R.F.L no relativo ó nivel de aforro neto e ó endebedamento vivo.

Si se concertase algunha operación destinada á financiación dun gasto corrente de carácter extraordinario e urxente, habería que estar ó disposto no artigo 158.5 LRFL:

- *quorum* de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para a súa aprobación.
- que o importe total anual non supere o 5 % de recursos por operacións correntes do Orzamento da Entidade.
- que a carga financeira da Entidade, incluída a derivada de operacións proxectadas, non supere o 25 % dos expresados recursos.
- que as operacións queden canceladas antes de que se proceda á renovación da Corporación que as concerte.

- Cumprimento requisitos anteriormente indicados para este tipo de operacións:

DEREITOS RECOÑECIDOS POR OPERACIÓN CORRENTES NO EXERCICIO 2020	14.007.428,98
PORCENTAXE APLICABLE	5,00%
LÍMITE Á CONCERTACIÓN DESTE TIPO DE OPERACIÓN	700.371,45

- Carga financeira que pesa sobre a Entidade coas operacións de crédito existentes para 2022.-

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





A carga financeira calculouse sobre a base dos seguintes plantexamentos:

Anualidade Teórica de Amortización (ATA) tanto dos préstamos concertados como do proxectado para 2022 (calculado polo sistema de amortización de préstamo francés, tendo en conta a anualidade completa, con independencia do que se prevea imputar este ano en concepto de amortización ou xuros). Nos préstamos nos que nos atopamos en período de carencia, calculouse a ATA tomando un número de anualidades incluídas a de carencia (postura adoptada por unha parte da doutrina, ante a falta de desenrolo regulamentario).

1. Antes da concertación da operación:
 $(521.287,92/14.007.428,98) \times 100 = 3,72\%$
2. Despois da concertación da operación proxectada:
 $(921.857,40/14.007.428,98) \times 100 = 6,58\%$

- Concertación dunha nova operación de crédito e cálculo do aforro neto.-

Entenderase por aforro neto a diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos I ó V, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigas recoñecidas polos capítulos I, II e IV do estado de gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización das operacións proxectadas e de cada un dos préstamos e empréstimos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.

Os criterios para o cálculo da anualidade teórica de amortización son os seguintes:

- A pesares da continua baixada dos tipos de interese nos mercados financeiros (na actualidade o Euríbor sitúase en porcentaxes negativos), tívose en conta como criterio de prudencia, un tipo de interese de referencia (Euríbor) do 0,5%, máis o diferencial correspondente a cada préstamo, no caso do préstamo a tipo variable, resultando uns intereses superiores aos aplicados polas entidades neste momento. No caso das operacións concertada nos exercicios de 2015 e 2016 aos tipos de intereses fixos do 1,224 % e 0,84 % respectivamente, o cálculo realízase tendo en conta estas porcentaxes. En canto á operación proxectada para o 2022, e en consonancia cos cálculos realizados en exercicios anteriores, estímase que o tipo de interese concertado para o último préstamo (neste caso o de 2021) como criterio máis acertado.

- Nos préstamos en carencia, tivéronse en conta os períodos de carencia para o cálculo das anualidades.

Todo elo, adóptase ante a falta de determinacións legais, e os diversos pronunciamentos doutriniais existentes na materia, á espera de que un desenrolo regulamentario do TRLRFL o dispoña noutro sentido.

Mantense para o exercicio 2022, o establecido no apartado dous do artigo 14 do R.D.L. 8/2010, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, segundo redacción dada pola disposición final decimo quinta da Lei 39/2010 de P.G.E. para 2011, e prorrogada para o 2012, segundo a disposición adicional decimo cuarta do R.D.L. 20/2011 de 30 de decembro de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, esta última, na redacción con vixencia indefinida dada pola D.F. 31ª

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 67FGDDJANZWF5LM6Y4DZEGT5Z | Corrección: https://aeestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 14



da Lei 17/2012 de 27 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013 que se transcribe a continuación:

"DISPOSICIÓN FINAL TRIGÉSIMA PRIMERA. *Modificación del Real Decreto-ley 20/2011, de 30 de diciembre, de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público.*

Con efectos de la entrada en vigor de esta Ley y vigencia indefinida, la disposición adicional decimocuarta del Real Decreto-ley 20/2011, de 30 de diciembre, de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público, queda redactada como sigue:

Las Entidades Locales y sus entidades dependientes clasificadas en el sector Administraciones Públicas, de acuerdo con la definición y delimitación del Sistema Europeo de Cuentas, que liquiden el ejercicio inmediato anterior con ahorro neto positivo, calculado en la forma que establece el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, podrán concertar nuevas operaciones de crédito a largo plazo para la financiación de inversiones, cuando el volumen total del capital vivo no exceda del 75 % de los ingresos corrientes liquidados o devengados según las cifras deducidas de los estados contables consolidados, con sujeción, en su caso, al Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales y a la Normativa de Estabilidad Presupuestaria.

Las Entidades Locales que tengan un volumen de endeudamiento que, excediendo al citado en el párrafo anterior, no supere al establecido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, podrán concertar operaciones de endeudamiento previa autorización del órgano competente que tenga atribuida la tutela financiera de las entidades locales.

Las entidades que presenten ahorro neto negativo o un volumen de endeudamiento vivo superior al recogido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, no podrán concertar operaciones de crédito a largo plazo.

Para la determinación de los ingresos corrientes a computar en el cálculo del ahorro neto y del nivel de endeudamiento, se deducirá el importe de los ingresos afectados a operaciones de capital y cualesquiera otros ingresos extraordinarios aplicados a los capítulos 1 a 5 que, por su afectación legal y/o carácter no recurrente, no tienen la consideración de ingresos ordinarios.

A efectos del cálculo del capital vivo, se considerarán todas las operaciones vigentes a 31 de diciembre del año anterior, incluido el riesgo deducido de avales, incrementado, en su caso, en los saldos de operaciones formalizadas no dispuestos y en el importe de la operación proyectada. En ese importe no se incluirán los saldos que deban reintegrar las Entidades Locales derivados de las liquidaciones definitivas de la participación en tributos del Estado..."

A estes efectos, no exercicio 2022, as entidades locais que liquiden o exercicio de 2021 con aforro neto positivo, calculado segundo se establece no artigo 53 do R.D.L.2/2004, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 67FGDDJANZWF5LIM6Y4DZEG15Z | Corrección: https://aeestrada.secelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 14



para o financiamento dos investimentos, cando o volume total do capital vivo non exceda do 75 % dos ingresos correntes liquidados ou devengados

As Entidades Locais que teñan un volume de endebedamento que, excedendo ao citado no parágrafo anterior, non supere o 110 % establecido no artigo 53 do T.R.L.R.F.L., poderán concertar operacións de endebedamento, previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais.

No cálculo do capital vivo teranse en conta tódalas operacións vixentes a 31 de decembro de 2021, incluído o risco deducido de avales e incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas nos dispostas e no importe da operación ou operacións proxectadas en 2022.

As entidades que non cumpran los requisitos anteriores non poderán concertar en 2022 operacións de crédito a longo prazo.

A continuación móstrase para o Concello da Estrada a porcentaxe de endebedamento, incluída a operación proxectada:

ENTIDADE FINANCEIRA	IMPORTE CONSOLIDADO O/CONCERTADO	EN CIRCULACIÓN 31-12-2021	PDTE (INCLUÍDA NOVA OPERACIÓN)
PRÉSTAMO ABANCA (2021) 500-5031-004305-6	300.000,00	300.000,00	300.000,00
PRÉSTAMO ABANCA (2020) 500-5031-3979-6	1.708.361,92	1.708.361,92	1.708.361,92
PRÉSTAMO ABANCA (2019) 500-5031-3831-2	240.000,00	234.000,00	234.000,00
PRÉSTAMO BBVA (2018) 60201671	350.000,00	288.750,00	288.750,00
PRÉSTAMO EDUSI (B.SABADELL) 271276971	845.000,00	676.000,00	676.000,00
A BANCA (2017) 500-5031-2975-7	490.000,00	379.750,00	379.750,00
B.B.V.A. (2016) 0182 6244 44 0830000133	490.000,00	330.750,00	330.750,00
BANCO SABADELL (2015) 807591139036	549.895,81	316.190,01	316.190,01
NOVA OPERACIÓN 2022 (IMPORTE MÁXIMO)			4.500.000,00
TOTAL	4.973.257,73	4.233.801,93	8.733.801,93
RECURSOS OPERACIÓN CORRENTES NO EXERC. 2020			14.007.428,98
PORCENTAXE DE ENDEBEDAMENTO INCLUÍDA A NOVA OPERACIÓN			62,35%

Como se observa, non se supera o límite máximo do 75% que fixa a D.F. 31ª da Lei 17/2012 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

Segundo os datos da liquidación do orzamento de 2020 (última aprobada), o aforro neto resulta positivo tal e como se detalla no seguinte cadro:

INGRESOS	EXPRESIÓN	DRN
----------	-----------	-----

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





1	IMPOSTOS DIRECTOS	4.573.994,67
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	81.902,06
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.015.230,32
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.325.870,33
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	10.431,60
TOTAL CORRENTES		14.007.428,98
GASTOS	EXPRESIÓN	ORN
1	GASTOS PERSONAL	4.851.322,31
2	COMPRA BENS E SERVICIOS	6.903.467,25
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	573.588,60
TOTAL CORRENTES		12.328.378,16
AXUSTE POR OR FINANCIADAS CON REMANENTE		92.417,38
ORN AXUSTADAS		12.420.795,54
AFORRO BRUTO		1.586.633,44
CARGA FINANCEIRA ANTES DA OPERACIÓN DE 2022		521.287,92
AFORRO NETO ANTES DA OPERACIÓN DE 2022		1.065.345,52
CARGA FINANCEIRA RELATIVA Á OPERACIÓN DE 2022		400.569,48
AFORRO NETO DESPOIS DA OPERACIÓN DE 2021		664.776,04

Da análise das magnitudes anteriores e tendo en conta que o aforro neto resulta positivo, segundo os datos da liquidación do orzamento de 2020, poderíase concertar a operación de préstamo a longo prazo prevista, por importe de 4.500.000,00 €

- Órgano competente para a concertación de das operacións de crédito.

Segundo modificación da Lei 7/85 operada por Lei 11/99, corresponde ó Presidente da Corporación a concertación de operacións de crédito cando o importe acumulado dentro de cada exercicio non sexa superior ó 10 % dos recursos por operacións correntes previstos no orzamento.

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PREVISIÓNS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	4.608.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	400.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.500.326,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.601.157,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	12.831,00
TOTAL CORRENTES		15.122.314,00
LÍMITE OPERACIÓN PTAMO A CONCERTAR POLO ALCALDE (10%)		1.512.231,40
TOTAL OPERACIÓN CRÉDITO PREVISTA		4.500.000,00

Polo tanto, o órgano competente para a concertación da nova operación de crédito será o Pleno da Corporación.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





En relación ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite máximo de gasto non financeiro, de conformidade co sinalado na LO 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, resulta necesario sinalar que na sesión plenaria núm. 51 celebrada o martes, 20 de outubro de 2020 na cámara baixa das Cortes Xerais, invócase a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española e en coherencia co dito mandato a do artigo 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira pola cal, con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como a aplicación da regra de gasto durante os exercicios 2020 e 2021.

Cabe ter en consideración igualmente que en data 13 de setembro de 2021 o Congreso dos Deputados aprobou a persistencia das condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais en 2022.

Con todo, a suspensión das regras fiscais non implica renunciar á prudencia e responsabilidade na xestión financeira e, polo tanto, continúan tamén viventes as seguintes obrigas:

- As relativas ao cumprimento do período medio de pagamento.
- As de transparencia previstas na LOEOLF e normas de desenvolvemento.
- A de avaliar a capacidade/necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional no orzamento, na súa execución e na súa liquidación.
- A responsabilidade fiscal e a aplicación do principio de prudencia financeira na estimación dos ingresos e gastos para elaborar os orzamentos.

III) SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDER Ó CUMPLIMENTO DAS OBRIGACIÓNS ESIXIDAS E OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS.

No capítulo I, recóllense os créditos suficientes para facer fronte ós gastos de persoal.

Os postos de traballo que figuran no Anexo e Cadro de Persoal correspondente ao Orzamento do exercicio 2022, en fase de elaboración, aparecen recollidos na Proposta de modificación da Relación de postos de traballo do Concello da Estrada, aprobada polo Pleno da Corporación o 03/06/2021 (BOP nº 134 de 15/07/2021), que se tramita en paralelo a este expediente, ao incorporarse ao organigrama administrativo os seguintes postos de traballo:

- ASESOR XURÍDICO. CONSTA NO ANEXO DE PERSOAL COMO FUNCIONARIO A1.
- PEÓN. SENTENZA XULGADO DO SOCIAL 124/2020 PO 100.2018. DECLARACIÓN PERSOAL LABORAL INDEFINIDO.
- TÉCNICO INFORMÁTICO. SENTENZA XULGADO DO SOCIAL 92/2019 PO 423.2017 DECLARACIÓN PERSOAL LABORAL INDEFINIDO.
- EMPREGADOS PÚBLICOS DO GES (GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS). RECURSO SUPPLICACIÓN 4813/2018 SENTENZA XULGADO DO SOCIAL Nº2 PONTEVEDRA Nº 225/2018. PO 271/2017. DECLARACIÓN PERSOAL LABORAL FIJO POR SENTENZA TSJG
- AUXILIAR DE URBANISMO. DECLARACIÓN PERSOAL LABORAL INDEFINIDO POR DECRETO ALCALDÍA

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





- PERSOAL LABORAL INDEFINIDO POR SENTENZA ENCARDINADO NA ÁREA DE CULTURA PROCEDEMENTO ORDINARIO 271/2019 . NA CATEGORÍA PROFESIONAL DE "PROFESIONAL DE OFICIOS, GRUPO IV".
- TÉCNICO DROGODEPENDENCIAS E TURISMO. PERSOAL LABORAL INDEFINIDO POR STC Nº 492 DO 24 DE NOVEMBRO DE 2021 DO XULGADO DO SOCIAL Nº3 DE PONTEVEDRA.

A este respecto cabe indicar que os salarios do persoal axústanse aos importes recollidos na modificación da Relación de Postos de Traballo que se tramita en paralelo con este expediente, coas oportunas actualizacións relativas á antigüidade.

Nas previsións para o ano 2022 mantense a dotación para facer fronte aos gastos de salarios e seguridade social do GES, prevención de drogas e outros servizos que contan con subvencións das distintas administracións.

Ao estar aprobada e en vigor unha Relación de Postos de Traballo, desaparece a aplicación orzamentaria para a negociación colectiva do persoal e redúcese a relativa ás regularizacións xudiciais en previsión dun menor gasto neste sentido.

Os aumentos dalgunhas aplicacións son consecuencia da inclusión de contratacións da bolsa de interinidade para varios departamentos municipais.

No capítulo II, os créditos consignados son suficientes para a cobertura de gastos correntes e de servizos asumidos pola Entidade. Prevéese un aumento neste capítulo dentro da política de optimización de recursos, o que permitiu conseguir unha mellora na calidade e número de servizos que se prestan aos cidadáns, acadando un equilibrio máis que óptimo entre o gasto a realizar e a calidade do servizo prestado. O aumento prodúcese basicamente na área de servizos sociais xerais e sectores de poboación (axuda a domicilio, infancia e xuventude, maiores...), sanidade, cultura e promoción do comercio e actividades económicas. Refórzase o servizo de limpeza de edificios municipais con motivo da situación sanitaria provocada polo COVID-19. Inclúese igualmente dotación orzamentaria para facer o mantemento da praia fluvial.

Nos capítulos III e IX recóllense os créditos suficientes para facer fronte á carga financeira, aspecto ó que fixemos referencia no apartado correspondente.

Nos capítulos IV e VII, recóllense as cantidades aportadas polo Concello, sen contraprestación, con destino ao financiamento tanto de gastos correntes (Capítulo IV) como de capital (Capítulo VII). Inclúense, así mesmo, as subvencións que teñen carácter nominativo (que, polo tanto, non están sometidas ós principios xerais de publicidade e concorrência); destas últimas faise mención expresa nas Bases de Execución de Orzamentos para o 2021 con indicación da aplicación do Orzamento de Gastos ó que se imputa, destinatario e importe. Así mesmo, recóllese crédito suficiente para facer fronte ós compromisos asumidos pola vía de sinatura de Convenios con outras entidades, como pode ser o convenio da praia fluvial, aparcadoiros....etc.

Recóllense no capítulo VI os gastos detallados no Anexo de Investimentos para impulsar proxectos dinamizadores da economía local, tendo en conta o novo escenario derivado da crise do covid-19 que nos afecta e nos obriga á aportación de financiamento para levar a cabo proxectos cofinanciados con fondos europeos e con outras administracións públicas, entre os que cabe destacar a construción das pistas de atletismo, así como un módulo cuberto. Con esta infraestrutura darase

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 67FGD.YANZWF5L16Y4DZEGT5Z | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 14



resposta a unha demanda histórica por parte do mundo de deporte municipal, xa que A Estrada contará cunha instalacións de primeiro nivel galego e que incluso poderá albergar competicións de categoría nacional. Co módulo cuberto, ademáis da práctica de varias disciplinas atléticas, darase cabida a outros deportes como o kárate, judo, etc.

Dos importes consignados en cada un dos capítulos do Orzamento de Gastos dedúcese a suficiencia dos mesmos para atender ó cumprimento das obrigas esibibles e ós gastos de funcionamento dos servizos.

IV) NIVELACIÓN DO ORZAMENTO.

Tendo en conta o anteriormente indicado, dedúcese a efectiva nivelación do Orzamento para o 2022.

O Alcalde, en A Estrada.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 67FGDDJANZWF5LM6Y4DZEGT5Z | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 14